

Estimado Sr/a Director/a:

Saúdos dende o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Voltamos un ano máis para animarvos a participar no noso programa: **"Mergullándonos nas Illas Atlánticas"**.

O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia é o único Parque Nacional na nosa Comunidade, recoñecido coa máis alta figura de protección a nivel estatal polos seus valores naturais e culturais. Comprende os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e as augas do seu contorno.

A protección deste espazo é tarefa de toda a sociedade, velaí a importancia do seu coñecemento e valorización. A necesidade da súa conservación, debe incentivar en nós a curiosidade polo seu coñecemento para unha maior implicación nesta protección.

Neste senso é prioritario para os responsables do Parque achegar estes valores aos nenos, especialmente a aqueles do entorno próximo. Con esta fin organízase o programa **"Mergullándonos nas Illas Atlánticas"**.



### **VINDE CON NÓS A COÑECER AS ILLAS**

O obxectivo principal deste programa de educación ambiental é dar a coñecer este entorno natural aos escolares de **5º de primaria** dun xeito ameno e cunha metodoloxía participativa.

As actividades das que consta o programa realízanse en dous días, unha sesión no centro educativo e outro día nunha illa do Parque. Toda a información relativa á execución do programa educativo se especifica na documentación que se achega.

O prazo para solicitar a participación no programa educativo é do **10 ao 30 de xaneiro de 2011**, ambos os dous inclusive. Para poder optar a participar no programa **só será necesario enviar o formulario de solicitude** debidamente cumprimentado ás oficinas do Parque Nacional, por fax ou correo electrónico. Entre todas as solicitudes chegadas en prazo realizarase un sorteo, do que sairán os 20 centros educativos que participarán este curso escolar no programa educativo

do Parque Nacional, número que poderá ser ampliado no caso de dispoñer dos recursos necesarios para a súa execución.

Os responsables do programa educativo do Parque poranse en contacto cos centros no mes de **febreiro** para comunicarlles o resultado do sorteo e para concretar as datas de visitas (á aula e á illa) aos colexios participantes. A execución do programa educativo terá lugar entre principios de marzo e finais de maio de 2011.

Na espera de que o seu colexio sexa o noso próximo participante, reciba un cordial saúdo.



José Antonio Fernández Bouzas  
Director Conservador do Parque Nacional.

Área de Uso Público.